

Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VILAGARCÍA DE AROUSA****Subvencións e axudas*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE AXUDAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIAL******EDICTO***

O Concello de Vilagarcía en sesión plenaria ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2017 adoptou acordo de aprobación inicial da modificación das Bases para a Concesión de Axudas dentro do Programa de Inclusión Social, e que contra as mesmas durante o prazo de exposición ó público, segundo edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 192, de data 5 de outubro de 2017, e na sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), non se presentaron reclamacións, quedando aprobadas definitivamente as mesmas. Faise público o texto das devanditas bases da forma seguinte:

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIAL***FUNDAMENTACIÓN***

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, do 10 de decembro de 1948, no seu artigo 25.1 afirma que todos e todas terán dereito a un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

Esta declaración contribuíu a sentalas bases dun novo modelo de estado social no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que cren as condicións necesarias para que “a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”.

É o momento de que os poderes públicos deixen de ser simples observadores, e actuar positivamente a favor dos que quedan ou están en risco de quedaren ao marxe da sociedade e de crear as condicións para que todas as persoas gocen dunha real igualdade de oportunidades.

En correlación cos avances que a nivel do país se están a producir en materia de política social, é preciso fuxir dos meros modelos asistencialistas e camiñar cara a un novo modelo de xestión do benestar.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

Por iso entendemos de que ademáis da necesidade de regular as axudas dirixidas a paliar determinadas situacións de emerxencia social, é necesario poñer en marcha mecanismos e ferramentas que contribúan á desaparición desas situacións e que van a requirir a participación e coordinación doutros departamentos municipais.

A tal fin, a Lei 4/1993 de 14 de abril de Servizos Sociais configúrase como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e a participación das persoas que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como a prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións.

Este sistema de protección social estrutúrase en dous niveis de atención:

- Atención primaria.
- Atención especializada.

Os programas básicos de Atención Primaria son:

- Orientación, asesoramiento e información.
- Axuda no fogar.
- Inserción Social.
- Animación, prevención e cooperación social.
- Convivencia alternativa.

Co programa de Inserción Social procúrase dar resposta a problemáticas concretas de marxinación e exclusión social, aplicando tanto proxectos de traballo social personalizado ou de grupo coma prestacións económicas específicas.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, de conformidade co disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, establece estas bases para regular as Axudas Municipais de Emerxencia Social, co obxecto de potenciar a transparencia, eficiencia e eficacia de este gasto público, entendido como recurso facilitador da integración social dos cidadáns que sofren máis carencias.

TÍTULO I: OBXETO E MODALIDADES

Artigo 1.—Obxeto

É obxecto destas bases a regulación das Axudas Municipais de Emerxencia Social destinadas a persoas ou familias residentes no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Enténdese por Axudas de Emerxencia Social o conxunto de axudas e prestacións económicas destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos e prestacións, situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia, reforzar procesos de integración familiar e inclusión social e prever situacións de exclusión social.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

A finalidade destas bases é dar resposta inmediata a situacións puntuais de necesidade, xeneradas por emerxencia individual ou familiar derivadas de gastos específicos de carácter básico (vestido, vivenda, usa básico da e equipamento da mesma, medicinas, tratamentos (p.e: gafas), aloxamento alternativo, desprazamentos de urxencia, limpeza extraordinaria no domicilio cando exista risco sanitario, enterramentos,...)

As Axudas de Emerxencia Social Municipais, en caso necesario, deben formar parte dun proceso de intervención social, encamiñado a superar a situación de necesidade plantexada, mediante unha axuda económica e un proxecto social, educativo, laboral... consensuado polo traballador/ra social e o beneficiario/a.

Artigo 2.—Modalidades

Distínguense dentro das Axudas de Emerxencia Social dúas modalidades:

2.1. Axudas de Emerxencia de Pago Único, con carácter transitorio e motivado por causas excepcionais, de carácter puntual e urxente.

* Considéranse situacións de emerxencia social os seguintes supostos:

2.1.1. Falta de cobertura mínima das necesidades básicas de carácter persoal (vestido) e débedas ocasionadas por este mesmo concepto.

2.1.2. Falta de cobertura económica para o pago de aluguer, fianza, desafiuzamento, préstamo hipotecario, cotas comunitarias ordinarias e/ ou extraordinarias e aquelas que por valoración técnica se estimen necesarias no referente ao mantemento e conservación da vivenda.

2.1.3. Falta de cobertura económica para gastos ocasionados por motivo do uso básico da vivenda habitual: auga, luz e gas.

2.1.4. Falta de cobertura económica para a adquisición de equipamento básico para o fogar: mobiliario e/ou electrodomésticos de primeira necesidade.

2.1.5. Falta de cobertura económica para a adquisición de medicinas e débedas ocasionadas por este mesmo concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema público sanitario.

2.1.6. Falta de cobertura económica para sufragar gastos derivados de tratamentos médicos necesarios (medicinas, gafas...), non incluídos no sistema público sanitario.

2.1.7. Falta de cobertura económica para o pago dun aloxamento alternativo (hostal, pensión...), cando sexa imposible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual por situación de catástrofe, e/ou situación persoal, familiar, sanitaria ou social.

2.1.8. Outros gastos excepcionais derivados da cobertura de necesidades non recollidas nos anteriores apartados ou por outro tipo de prestación ou axuda, e previa valoración técnica, tales como desprazamento de urxencia, limpeza extraordinaria en domicilio cando exista un risco sanitario, enterramentos...



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

2.1.9. Falta de cobertura económica para o pago de gastos derivados da propiedade da vivenda, non incluídos en outras axudas nin subvencións reguladas por outro tipo normas, ou que sexan obxecto de bonificación fiscal.

2.2. *Axudas Infantís de Carácter Periódico, para familias con fillos de ata 18 meses de idade.*

2.2.1. Serán obxecto de subvención dous tipos de artigos:

— Artigos de carácter alimenticio:

- Leite infantil.
- Cereais.
- Potitos, só baixo prescripción médica ou criterio do técnico/a correspondente.

— Artigos de carácter hixiénico: pañais.

2.2.2. A duración da axuda infantil terá como límite de concesión, ata que o menor cumpra os 18 meses de idade; e terá carácter mensual.

2.2.3. A xestión desta axuda estará supervisada polo Departamento de Servizos Sociais da Área de Igualdade e Benestar Social do Concello.

Os/as beneficiarios/as deben acudir a dito departamento para recoller mensualmente os vales nos que se detallará a cantidade e importe dos produtos de alimentación e hixiene infantil concedidos.

2.2.4. Os/as educadores/as familiares, se o estiman oportuno, poden solicitar a participación dos pais/nais en talleres educativos sobre hixiene e coidados básicos do bebé e preparación de alimentos infantís (potitos), sen prexuício do proxecto social, educativo ou laboral establecido no artigo 1.

2.3. *Axudas Alimenticias e de Hixiene de Carácter Periódico, para familias con menores ao seu cargo.*

2.3.1. Serán obxecto de subvención os artigos de carácter alimenticio e de hixiene.

2.3.2. A duración da axuda alimenticia e de hixiene terá unha duración de tres meses, prorrogable ata un máximo de 9 meses baixo criterio técnico e cun carácter mensual.

2.3.3 A xestión desta axuda estará supervisada polo Departamento de Servizos Sociais da Área de Igualdade e Benestar Social do Concello. Os/as beneficiarios/as deben acudir a dito departamento para recoller mensualmente os vales nos que se detallará a cantidade e importe dos produtos de alimentación e hixiene concedidos.

2.3.4. Os/as educadores/as familiares, se o estiman oportuno, poden solicitar a participación dos/as beneficiarios/as destas axudas en talleres educativos sobre preparación de alimentos, nutrición, hixiene e xestión da economía doméstica sen prexuício do proxecto social, educativo ou laboral establecido no artigo 1.”



*TÍTULO II: BENEFICIARIOS/AS**Artigo 3.—Beneficiarios/as*

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas, as persoas ou unidades familiares de convivencia residentes no Municipio de Vilagarcía de Arousa, cun estado de necesidade recoñecido no momento da solicitude e sempre que cumpran cos requisitos esixidos para a súa concesión.

Enténdese como Unidade de Convivencia independente ás persoas que vivan soas, e no seu caso, ao conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conyugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o 4º e 2º grao respectivamente.

Non obstante, cando nunha unidade de convivencia existan persoas con menores ao seu cargo, se considerará que constitúen unha unidade de convivencia independente.

A unidade de convivencia independente beneficiaria non perderá esta condición cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuamento se vexa obrigada a residir con outra.

Regulamentariamente se determinarán os supostos do marco físico de residencia colectiva que podan ser considerados unidade de convivencia independente aos efectos deste artigo.

O grao de parentesco contarase a partir do/da beneficiario/a.

Artigo 4.—Requisitos Xerais dos/das beneficiarios/as

4.1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a con fillos/as a cargo.

4.2. Estar empadroado/a no termo municipal de Vilagarcía de Arousa cunha antelación mínima de 6 meses á solicitude.

Deste período mínimo están exentos:

- Os/as solicitantes que acrediten unha situación de emigrante retornado.
- Persoas acollidas en aloxamentos institucionais.
- Ou no caso de valoración positiva do/da técnico/a de referencia.

4.3. Non ter acceso a axudas polo mesmo concepto por parte doutro organismo, entidade ou Administración Pública que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicita a prestación.

4.4. Non ter solicitado ningún membro da unidade familiar de convivencia unha axuda económica de Emerxencia Social Municipal para a mesma finalidade, nos últimos doce meses; salvo en casos excepcionais nos que a necesidade sobrevenida requira atención urxente e inmediata.

4.5. Carecer de medios económicos para facer fronte á necesidade de urxencia, de acordo co baremo do Artigo 5.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

4.6. Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa legislación civil. A xuízo do órgano de resolución, se poderán eximir de este requisito aqueles solicitantes dos que se prevea que a obriga de alimentos non se poda facer efectiva polos malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das cales exista constancia no Expediente.

Non obstante, se considera que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concurrentes, non poden facer fronte a atender as necesidades básicas da Unidade Familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as dos familiares ao seu cargo. As circunstancias constarán claramente no Informe Social correspondente.

4.7. Atoparse en situación de necesidade a xuízo dos/das técnicos/as da Área de Igualdade e Benestar Social do Concello de Vilagarcía de Arousa.

4.8. Queda excluído das presentes bases, o requisito de que a persoa ou unidade familiar de convivencia deba atoparse o corrente de pago das débedas que teña coa Recadación Municipal.

4.9. En relación á tipoloxía de axuda de pago único debida a falta de cobertura económica para o pago de gastos derivados da propiedade da vivenda, indicados no artigo 2, punto 2.1.9, establécense os seguintes requisitos específicos para ser beneficiario/a da mesma:

- As persoas físicas, que ostenten a propiedade dunha única vivenda en todo o territorio nacional.
- Que o devandito inmovible constitúa a súa residencia habitual, e que acrediten a condición de ser o seu domicilio de empadramento.
- Que ningún membro da unidade de convivencia posúa calquera ben inmovible habitable no termo municipal de Vilagarcía de Arousa.
- A este efectos considérase unidade de convivencia o conxunto de persoas que figuren inscritas no Padrón Municipal de Habitantes, como residentes na vivenda de referencia, con independencia dos vínculos xurídicos ou familiares que puidesen existir ou non entre eles

REQUISITOS ECONÓMICOS

Artigo 5.—Requisitos económicos dos/das beneficiarios/as

5.1. Polo que respecta ás Axudas de Emerxencia de Pago Único, con carácter transitorio e motivado por causas excepcionais, de carácter puntual e urgente:

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes con que atender total ou parcialmente os gastos específicos de carácter básico, cando os recursos económicos mensuais da unidade familiar non sexan superiores ao IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples) incrementándose nun 10% por cada membro da unidade familiar a partir do segundo (unha vez descontados os gastos procedentes de préstamo hipotecario ou aluguer da vivenda habitual)



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

Esta porcentaxe incrementarase nun 10% máis, por cada menor, persoa con discapacidade ou persoa dependente da unidade familiar.

No caso da tipoloxía de axudas debidas a falta de cobertura económica para o pago de gastos derivados da propiedade da vivenda, indicados no artigo 2, punto 2.1.9 considérase para a valoración dos recursos económicos á unidade de convivencia: conxunto de persoas que figuren inscritas no Padrón Municipal de Habitantes, como residentes na vivenda de referencia, con independencia dos vínculos xurídicos ou familiares que puidesen existir ou non entre eles.

5.2. Polo que respecta ás Axudas Infantís de Carácter Periódico, para familias con fillos de ata 18 meses de idade.

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes cos que atender total ou parcialmente ditas necesidades se a unidade familiar na que se atopa o menor non sobrepasa os seguintes ingresos, unha vez descontados os gastos procedentes de préstamo hipotecario ou aluguer da vivenda habitual:

- Unidades familiares de 2 membros: 120% do importe do IPREM*.
- Unidades familiares de 3 membros: 150% do importe do IPREM*.
- Unidades familiares de 4 membros: 180% do importe do IPREM*.
- Unidades familiares de 5 membros: 210% do importe do IPREM*.
- A partir de unidades familiares de 6 membros, incrementarase o límite económico no 30% do IPREM* por cada membro (unidade familiar de 6 membros 240% do IPREM*, unidade familiar de 7 membros 270% do IPREM*, e así sucesivamente).

* IPREM Mensual

5.3. Polo que respecta ás Axudas Alimenticias e de Hixiene de Carácter Periódico, para familias con menores ao seu cargo:

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes cos que atender total ou parcialmente ditas necesidades se a unidade familiar non sobrepasa os seguintes ingresos, unha vez descontados os gastos procedentes de préstamo hipotecario ou aluguer da vivenda habitual:

- Unidades familiares de 2 membros: 75% do importe do IPREM*.
- Unidades familiares de 3 membros: 85% do importe do IPREM*.
- Unidades familiares de 4 membros: 90% do importe do IPREM*.
- Unidades familiares de 5 ou máis membros: 100% do importe do IPREM*.

* IPREM Mensual

Artigo 6.—Cómputo de medios económicos

Os medios económicos computaranse de conformidade ós seguintes puntos:

- O total de ingresos correntes regulares que perciba no mes anterior á formulación da solicitude, o/a solicitante e as persoas que constitúan a unidade de convivencia, en



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

concepto de salarios, rendas, pensións, retribucións, prestacións, axudas, subsidios ou calquera outra.

- Os ingresos irregulares tanto pola súa contía, como pola súa periodicidade, pola media dos obtidos durante os seis meses anteriores á formulación da solicitude. NON se considerarán como ingresos as aportacións esporádicas que unicamente resulten un complemento para a supervivencia.
- O valor do capital mobiliario será o saldo dos seis meses anteriores á formulación da solicitude no caso de contas ou depósitos, e no resto o seu valor final do trimestre natural anterior. O valor do capital inmobiliario determinarase como o do final do ano anterior.
- Se valorarán como recursos económicos, aínda que non con carácter excluínte para a concesión da axuda os bens mobles e inmobles sobre os que se posea dereito de propiedade, usufructo, posesión ou calquera outro, que polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indiquen a existencia de medios suficientes para a subsistencia da unidade de convivencia, excepto a vivenda destinada a fogar habitual considerando que a súa valoración catastral sexa acorde á situación de necesidade.

Artigo 7.—Contía das axudas

A contía estará determinada pola tipoloxía ou modalidade da axuda:

7.1. Dentro das Axudas de Emerxencia de Pago Único, con carácter transitorio e motivado por causas excepcionais, de carácter puntual e urxente:

7.1.1. Axudas para necesidades básicas (vestido) e débedas ocasionadas por este mesmo concepto: contía máxima igual ao IPREM mensual, incrementándose un 20% por cada menor da unidade familiar de convivencia.

7.1.2. Axudas de ata tres meses para pagos de aluguer, fianza, desafiuzamento, préstamo hipotecario, cotas comunitarias ordinarias e extraordinarias e aquelas que por valoración técnica se estimen necesarias no referente o mantemento, reforma e conservación da vivenda ata un importe máximo ou igual ó 200% do IPREM mensual.

No caso de que o obxecto a subvencionar derive en actuacións de reforma da vivenda, se poderá se así se estima oportuno, priorizar ante o mero gasto económico a colaboración, doutros departamentos do concello que poidan realizar a tarefa obxecto da subvención.

7.1.3. Axudas para pagos do uso básico da vivenda habitual: acometida e suministro de auga, suministro de enerxía eléctrica e gas: contía ata tres meses do importe do pago de ditos suministros.

7.1.4. Axudas para a adquisición de equipamento básico de primeira necesidade para a vivenda habitual: contía por un importe máximo do 150% do IPREM mensual.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

7.1.5. Axudas para a adquisición de medicinas e débedas ocasionadas por este mesmo concepto: polo importe da adquisición ou a débeda.

7.1.6. Axuda para o pago dun aloxamento alternativo e temporal (hostal, pensión...): contía ata tres meses do importe do aloxamento e por un importe máximo do 150% do IPREM mensual.

7.1.7. Axuda económica doutros gastos excepcionais derivados da cobertura de necesidades non recollidas nos anteriores apartados: se axustará a contía da axuda á necesidade plantexada, sen que en ningún caso supere o IPREM mensual, excepto que se faga mención expresa no informe técnico da necesidade de que a contía sexa superior.

7.1.8 Axudas debidas a falta de cobertura económica para o pago de gastos derivados da propiedade da vivenda, indicados no artigo 2, punto 2.1.9: a contía da axuda económica será unha cantidade equivalente ao 80% do gasto anual para o que se solicite a axuda, cun importe máximo de 250 euros por unidade de convivencia.

Toda vez que as Axudas están referenciadas polo IPREM (mensual), este se revisará de acordo á Lei 3/2004, de 25 de Xuño para racionalización da regulación do SMI e para o incremento da súa contía, e as súas sucesivas actualizacións interanuais.

7.2. Dentro das Axudas Infantís de Carácter Periódico, para familias con fillos de ata 18 meses de idade:

7.2.1. Axudas para a adquisición de artigos de carácter alimenticio (leite infantil, cereais e potitos e artigos de carácter hixiénico (pañais): contía máxima mensual de 100 euros, distribuída a cantidade entre os dous tipos de artigos, según preferencia do/a beneficiario/a.

7.3. Dentro das Axudas Alimenticias e de Hixiene de Carácter Periódico, para familias con menores ao seu cargo:

7.3.1. Axudas para adquisición de artigos de carácter alimenticio e hixiénico por unha contía mensual nima de 50 euros e máxima de 125 euros, distribuída entre diferentes alimentos que proporcionen unha dieta equilibrada e saudable, e produtos de hixiene.

7.3.2. O importe das axudas se distribuirán do seguinte xeito:

- Unidades familiares de 2 membros: ata un máximo de 50 euros mensuais.
- Unidades familiares de 3 membros: ata un máximo de 75 euros mensuais.
- Unidades familiares de 4 membros: ata un máximo de 100 euros mensuais.
- Unidades familiares de 5 ou máis membros: ata un máximo de 125 euros mensuais.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

TÍTULO III: XESTIÓN E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS**Artigo 8.—Procedemento para a concesión das axudas**

De conformidade co disposto no artigo 22.2.C da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, as subvencións previstas nestas bases se otorgarán directamente, acreditados os requisitos sinalados nos artigos 4 e 5 das presentes bases.

Unha vez aprobadas as presentes bases, serán publicadas íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

O procedemento se inicia mediante solicitude a través de instancia ó Concello, según modelo adxunto, acompañada da documentación requerida.

Con carácter xeral, as axudas tramitaranse por solicitante ou unidade de convivencia por concepto único.

Só con carácter excepcional poderán especificarse tres conceptos, e establecendo un máximo de dúas axudas concedidas nun mesmo ano natural.

Artigo 9.—Documentación

A documentación acreditativa requerida é a seguinte:

9.1. Solicitude de axuda según modelo, debidamente cumplimentada e asinada por tódolos membros da unidade familiar de convivencia, maiores de 18 anos.

9.2. Fotocopia do D.N.I, N.I.E ou pasaporte de tódolos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos.

9.3. Fotocopia do Libro de Familia, si é o caso (indispensable nas axudas de carácter infantil).

9.4. Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, según modelo adxunto.

9.5. Declaración de axudas recibidas polos mesmos motivos, según modelo adxunto.

9.6. Declaración de non existir familiares coa obriga de prestar alimentos, según modelo adxunto.

9.7. Certificado de empadramento do solicitante, no que se acredite unha antigüedad mínima de seis meses anteriores á formulación da solicitude (excepto casos especiais sinalados).

9.8. Certificado de convivencia a nome do solicitante.

9.9. Certificado de bens urbáns, rústicos, I.A.E, así como Declaración Xurada de posesión de Bens Urbáns, Rústicos, I.A.E. noutros Concellos (según Modelo adxunto); a nome de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: AE5A58322413742W



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

9.10. No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade, deberán aportar o certificado do grao de minusvalía ou informes do Sistema Público de Saúde, onde se acredite a enfermidade invalidante.

9.11. No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a denuncia ou documento acreditativo.

9.12. No caso de separación ou divorcio, deberá presentar documentación acreditativa da situación, e de ser o caso, de pensións alimenticias e compensatorias.

9.13. Xustificantes de gastos de vivenda: fotocopia do contrato de aluguer, fotocopia dos recibos de pago do aluguer (debidamente cumplimentados, con tódolos datos relativos tanto ó propietario como ó arrendatario, así como a sinatura do propietario e o seu número de NIF) e se é o caso xustificante do préstamo hipotecario.

No caso de débeda contraída co propietario da vivenda declaración do mesmo que así o acredite; e no caso de vivenda compartida ou pensións, declaración do propietario do custe por habitación ou contrato de habitación.

9.14. No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá aportar receta médica e documentación acreditativa da farmacia do custe do produto.

9.15. Xustificantes de ingresos da unidade familiar de convivencia:

- Declaración xurada de ingresos da unidade familiar, según modelo adxunto.
- Fotocopia da última declaración do IRPF de tódolos membros maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia, e no caso de non ter que presentala certificación negativa do IRPF.
- No caso de persoas en situación de desemprego, copia da súa tarxeta de demandante de emprego e certificado de prestacións de desemprego e no seu defecto, certificado negativo emitido polo INEM.
- Certificado de Vida Laboral da Seguridade Social, das persoas que se atopen en situación de desemprego.
- Copia das 2 últimas nóminas das persoas que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada regular e copia do contrato de traballo.
- Certificado de pensionista emitido pola Seguridade Social ou a Casa do Mar, para as persoas beneficiarias dalgún tipo de prestación do sistema, e en caso contrario certificación negativa o respecto, das persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.

9.16. Copia ou certificación bancaria onde o solicitante conste como titular dun número de conta.

9.17. Presuposto que vai ser obxecto da concesión da axuda.

9.18. Outros documentos específicos según as circunstancias de necesidade.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

9.19. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude se lle poida requirir durante a tramitación

Artigo 10.—Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes

10.1. A solicitude, acompañada da documentación acreditativa presentarase no Rexistro de Entrada do Concello para o seu traslado o Departamento de Servizos Sociais á Área de Igualdade e Benestar Social.

10.2. Unha vez recibida no Rexistro de Entrada a solicitude será remitida a maior brevidade o Departamento de Servizos Sociais, e se requirirá no seu caso ó interesado para que proceda á subsanación de erros ou para a aportación da documentación necesaria nun prazo de 15 días, apercibíndolle que no caso contrario teráselle por desistido da súa petición, procedendo ó arquito do expediente.

10.3. O/a Traballador/ra Social da Área de Igualdade e Benestar Social procederá a comprobar as circunstancias socioeconómicas do interesado e da unidade familiar de convivencia para a realización do pertinente Informe Social, que incluírá valoracións cualitativas (entrevistas...) e cuantitativas (requisitos económicos...).

10.4. A Área de Igualdade e Benestar Social elaborará a oportuna proposta sobre a procedencia de conceder ou denegar a axuda solicitada, asinada polo Concelleiro/a delegado desta área.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o ano.

Artigo 11.—Resolución, notificación ós/ás interesados/as

Unha vez completado o expediente, previa fiscalización de Intervención, elevarase á Xunta de Goberno Local a proposta de concesión ou denegación segundo corresponda, asinada polo/a Concelleiro/a Delegado/a da Área de Igualdade e Benestar Social, para que o órgano de goberno (XGL) emita a resolución correspondente.


En todo caso a axuda concederase en función do crédito orzamentario dispoñible.

Na proposta asinada polo/a Concelleiro/a Delegado/a da Área de Igualdade e Benestar Social quedarán reflexados os seguintes extremos:

- Identificación do Beneficiario ou da unidade familiar beneficiaria.
- Concepto para o que se concede a axuda.
- Contía da mesma.
- Duración máxima da axuda, se é o caso.
- E causa motivada de denegación, se é o caso.

Na resolución dictada pola Xunta de Goberno Local, quedarán reflexados os seguintes extremos:

- Identificación do beneficiario ou da unidade familiar beneficiaria.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

- Concepto para o que se concede a axuda.
- Contía da mesma.
- Forma de pago.
- Duración máxima da axuda, se é o caso.
- Prazo establecido para presentar documentación xustificativa do gasto.

Notificarase ó interesado a resolución adoptada no prazo máximo de 10 días. De xeito excepcional, poderá dictarse Resolución Provisional, cando concurran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen, ata que sexa completado o expediente, previa certificación de crédito presupuestario.

Artigo 12.—Forma de pago

A forma de pago das axudas concedidas serán as que se determinen na resolución, podendo ser:

- En metálico:
 - Directo: a favor do petionario da axuda, por medio de transferencia bancaria.
 - Indirecto: a favor do proveedor, tras comprobar a documentación correspondente, neste caso o preceptor da axuda deberá asinar declaración xurada facendo constar a cesión do pago a favor do proveedor, con arreglo a modelo adxunto.
- En especie:

As axudas de carácter infantil e alimenticias e de hixiene serán xestionadas de xeito puntual e directo pola Área de Igualdade e Benestar Social; a estos efectos o beneficiario acudirá ao departamento de dita área a recoller o vale que lle permita ir ao establecemento, o beneficiario/a achegará o resguardo de compra o Departamento de Servizos Sociais, para que posteriormente xunto coa factura reglamentaria ó Concello efectue o abono correspondente ao mencionado establecemento.

Asemade, queda aberta a posibilidade doutros supostos excepcionais a xucio do Departamento de Igualdade e Benestar.

Artigo 13.—Xustificación das axudas

13.1. Pago en metálico:

13.1.1. Con carácter xeral, a xustificación das cantidades subvencionadas farase de xeito previo ao pago da mesma, mediante os seguintes medios:

- Factura con todos os requisitos reglamentarios.
- Contrato ou documento probatorio da prestación, en caso de servizos prestados por persoas ou entidades non obrigadas a facturar.
- Transmisión de dereitos de pago, no seu caso.



En todo caso, deberán quedar de manifesto os seguintes extremos:

- Nome ou razón social e N.I.F. do proveedor ou prestador de servizos.
- Nome e N.I.F. do perceptor da prestación, que deberá ser obrigatoriamente o perceptor da subvención.
- Contía do importe de suministro ou servizo, impostos no seu caso incluídos.
- Concepto do suministro ou prestación de servizos
- Data ou periodo de entrega do suministro ou prestación do servizo.

13.1.2. Excepcionalmente, a xustificación poderá ser posterior á percepción do pago cando concurran circunstancias graves ou urxentes que aparezan reflexadas no informe técnico. Neste caso, o beneficiario xustificará a axuda ante o Concello nun prazo máximo dun mes dende a recepción do importe.

13.1.3. No caso da xustificación de gastos derivados da propiedade da vivenda, indicados no artigo 2, punto 2.1.9, a documentación a aportar será a seguinte:

- Documento acreditativo do pago do gasto derivado da propiedade para o que se solicite a axuda, correspondente ao exercicio corrente ou inmediatamente anterior.

13.2. Pago en especie:

O perceptor da subvención estará obrigado a asinar o recibí das autorizacións ou vales necesarios para a retirada dos produtos subvencionados, así como a entrega ao establecemento designado polo Concello dos vales contra a entrega dos produtos.

En todo caso, transcorridos seis meses dende a concesión da subvención sen proceder a xustificación, esta se entenderá caducada e será anulada, salvo concesión rogada de prórroga, otorgada unicamente para casos excepcionais.

Artigo 14.—Inspección e control

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas, así como a requerir ós beneficiarios nos termos que precise, todo elo de conformidade co disposto no Título III da Lei 38/2003.

Artigo 15.—Obrigas dos interesados

Os solicitantes destas axudas están obrigados a:

- Comunicar á Área de Igualdade e Benestar Social todas aquelas variacións ocorridas na súa situación sociofamiliar, que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Destinar a cantidade percibida aos fins para os que foi concedida.
- Permitir e facilitar a actuación da Área de Igualdade e Benestar Social para avaliar a súa situación sociofamiliar e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.



Luns, 27 de novembro de 2017

Núm. 227

- Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins que se concederon.

Artigo 16.—Extinción da axuda concedida

Serán causas de extinción da axuda concedida:

- Falseamento ou ocultación de datos para obter ou conservar o dereito á axuda.
- Desaparición das circunstancias que deron orixe a súa concesión.
- Baixa do Padrón Municipal.
- Non presentación de facturas ou documentación análoga que deron lugar á axuda concedida, no prazo establecido para elo.
- Cumprimento do prazo da duración da prestación económica.
- Falecemento do beneficiario.

Artigo 17.—Infraccións e sancións

O Réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da Lei 38/2003.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de axudas para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras Administracións Públicas, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación da axuda e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICION DEROGATORIA

Queda derogada a Regulación das Axudas Municipais para a Lactancia e Hixiene Infantil aprobada polo Pleno da Corporación no mes de marzo de 1995.

DISPOSICION DERRADEIRA

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

En Vilagarcía de Arousa a 21 de novembro de 2017

ALBERTO VARELA PAZ

ALCALDE- PRESIDENTE

